

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 15 DE XANEIRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día quince de xaneiro de dous mil dezaoto ; as doce horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. –

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado oito de xaneiro de dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN RIB /C/21.7/16 2309/2017

Vista a solicitude de licenza de primeira ocupación presentada por don Alfredo Domínguez Rodríguez, en representación de Bodegas Loeda S L, para edificio sito en Estrada OU-406 nº 48, San Paio, Ribadavia, edificio de planta baixa e unha altura , con uso residencial en planta alta e un almacén (uso industrial) en planta baixa, referencia catastral 2337113NG7823N0001UX.

Visto o artigo 143.4 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia :” Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, esixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.”

Visto o informe de Aqualia Ribadavia, achegado con data de 9 de xaneiro de 2018, no que se informa “ Da correcta realización das obras de conexión á rede de abastecemento e saneamento, seguindo as especificacións expostas dende esta concesionaria”

Visto o informe favorable da arquitecta municipal de data 10 de xaneiro de 2018.

A xunta de goberno local por unanimidade ACORDA:

-Conceder a licenza de primeira ocupación ao edificio sito en Estrada OU-406 nº 48, San Paio, Ribadavia, edificio de planta baixa e unha altura , con uso residencial en planta alta e un almacén (uso industrial) en planta baixa, referencia catastral

2337113NG7823N0001UX, a favor de Bodegas Loeda SL , titular da licenza de obras concedida por acordo da xunta de goberno local de 18.5.2016.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADADÁNS.-

-Escrito de don Alberto Suárez Fontenla , en representación de UNION FENOSA, solicitando a devolución do aval bancario depositado en Banco de Bilbao Vizcaya Argentaria por importe de 10.984,17 euros depositado para responder da correcta execución das obras de “LMT. CT. Y RBT SAN LAZARO” expediente municipal RIB/N/03.3/14.

Visto o informe favorable da arquitecta municipal de data 15 de xaneiro de 2018.

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

-Proceder a devolución do aval bancario depositado en Banco de Bilbao Vizcaya Argentaria por importe de 10.984,17 euros depositado para responder da correcta execución das obras de “LMT. CT. Y RBT SAN LAZARO” expediente municipal RIB/N/03.3/14.

Escrito de don José Mesa Villa , en representación de Pazo de Esposende SL, solicitando que as comunicacións a dita empresa se remitan en castelan, por non coñecer o suficiente os seus donos e responsables o idioma galego.Visto o artigo 13 c) da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas acórdase acceder ao solicitado.

-Escrito de dona Elvira Gómez Estévez, con número de rexistro de entrada no concello 57 de 4 de xaneiro de 2018 no que expón:” comprobada la información catastral aparece el camino de entrada a la casa como público cuando este es privado igual que una zona lindante con la vía pública se lo pusieron a Gas Natural FENOSA sin consentimiento” e solicita:” la renuncia del ayuntamiento a la propiedad del camino y porque se le dio a Gas Natural ese terreno para ello adjunto la escritura de compra de la finca”.

Escrito con número de rexistro de entrada 133 de 10 de xaneiro de 2018 no que indica a referencia catastral.

A xunta de goberno acorda:

O catastro é un rexistro administrativo dependente e formado pola Dirección Xeral do Catastro dependente do Ministerio de Economía e Facenda do Estado, polo cal a reclamación relativa a unha suposta atribución a Gas Natural dun terreo da súa propiedade a debe dirixir á Administración competente, non ao concello que carece de atribucións ao respecto.

No relativo ao terreo con referencia catastral 32070A0460900030000YU que figura no catastro como vía de comunicación de dominio público.

Considerando que o terreo en cuestión non figura nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento de Ribadavia, nin no Plan Xeral en trámite como vial público.

Vista a escritura de compraventa outorgada ante o Notario don Rafael Sanmartín Losada , con data de dezanove de novembro de 1973, vendedora dona Clara Freijido Viñas , comprador don Manuel Viñas Martínez.

Visto o informe da Oficialía Maior da Deputación de Badajoz 195/2015:” A sensu contrario , y siendo que al Ayuntamiento de Herrera del Duque no le cabe la menor duda de la no titularidad de ese antiguo trazado de carretera estatal, consideramos que no es necesario expediente de investigación para acreditar precisamente eso, que el Ayuntamiento de Herrera del Duque no es ni ha sido en ningún momento propietario de ese tramo de carretera y que la inclusión en un catalogo de caminos no ha sido sino un error material ...

Vista a constante doutrina xurisprudencial (Sentenzas do Tribunal Supremo de 4 de novembro de 1961,16 de novembro de 1988, 2 de marzo de 1996, 23 de decembro de 1999, 26 de maio de 2000 que indica que a inclusión dun inmovible no Catastro non pasa de constituir un indicio de que o obxecto inscrito pode pertencer a quen figura como titular de él en dito rexistro, pero non pode constituir por sí soa un xustificante de tal dominio .

Visto o Real Decreto Lexislativo 1/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, artigos 9,11,13 e 21 que indica que a incorporación dos bens inmoables no catastro inmobiliario é obligatoria e que os titulares dos dereitos aos que se refire o artigo 9 (propietarios) están suxeitos a obriga de formalizar as declaracións conducentes á incorporación ao Catastro dos inmoables e as súas alteracións.

-Recoñecer que o terreo con referencia catastral 32070A0460900030000YU que figura no catastro como vía de comunicación de dominio público non é de titularidade do concello de Ribadavia.

-Habilitar a dona Elvira Gómez Estévez para efectuar as rectificacións oportunas no Catastro.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

-Escrito da Deputación Provincial de Ourense informando sobre novas utilidades da enquisa de infraestruturas e equipamentos locais.A xunta de goberno acorda comunicarlle a Deputación Provincial o interese do concello de Ribadavia en adherirse a Aplicación web do GIS e a Aplicación web para a elaboración de inventarios municipais.

-Resolución da Confederación Hidrográfica Miño Sil declarando desistido da súa solicitude de autorización para construción de muros , instalación de pastor eléctrico, canalización de augas e acondicionamento dun terreo nunha explotación agraria situada

na zona de policía dun regato afluente do río Avia en Santo André a Cume do Avia S Cooperativa Galega.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda aproba-las memorias denominadas “ Grupo de Información Turística”, “ Grupo de Auxilio na piscina”, “Grupo de Limpeza Viaria”, e “ Grupo Oficina Municipal de Información Xuvenil”, ó obxecto de solicita-la correspondente subvención , o abeiro da Orde do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2018.

NOMEAMENTO DE AVOGADO .-

Visto o recurso contencioso-administrativo presentado por Don Cristian Ramírez Gómez , ante o Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense, procedemento núm.0000304/2017-D contra o acto presunto consistente en desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial , dirixida fronte ao concello de Ribadavia, Federación Galega de Fútbol e Ribeiro Fútbol Club , a Xunta de Goberno Local, acorda:

1. O personamiento no recurso contencioso-administrativo presentado por Don Cristian García Gómez contra o citado acto presunto..
2. Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado Don Angel Pazos Huete.
3. Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios para a execución do referido acordo.

TOMA COÑECEMENTO DE EXPEDIENTE DE XERACION DE CREDITOS Nº 16/107.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación e toma coñecemento da aprobación con data 29.12.2017, do expediente de xeración de créditos nº16/17, de acordo co seguinte teor:

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº16/17.-

“Esta Alcaldía presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº16/17, por importe de 7.000 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

A xunta de goberno acorda solicitar á Deputación Provincial de Ourense a Brigada de Obras para reparación de camiños no rural no termo municipal de Ribadavia.

EXECUCIÓN DE OBRAS POLA ADMINISTRACIÓN

Vista a necesidade de este concello de proceder pola Administración á execución das obras consistentes en execucion de dous aseos, un deles adaptado a persoas con mobilidade reducida, no parque dos Xardinillos.

Visto que o concello conta con medios propios para proceder á execución da obra.

Visto o artigo 24.1. a) e b) do Real Decreto Lexislativo 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A xunta de goberno acorda:

-Executar directamente as obras consistentes en execucion de dous aseos, un deles adaptado a persoas con mobilidade reducida, no parque dos Xardinillos, de conformidade coa Memoria Execución de Aseos en “Los Jardinillos” redactado polas arquitectas municipais dona Begoña Arregui Rodríguez e dona Mercedes Alvarez López.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as doce horas e quince minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.